

5.- POLICÍA LOCAL

5.1.-REGULAMENTO DO CORPO DE POLICIA LOCAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aprobado polo Pleno da Corporación o 25 de outubro de 1990.

Publicado no BOP de A Coruña do 14 de novembro de 1990. Corrección de erros publicada o 12 de decembro de 1990.

Título I

Capítulo I

Disposicións Xerais

Artigo 1.

O Corpo da Policía Local ten como misión a protección do libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantiza-la seguridade cidadá.

Artigo 2.

O Corpo da Policía Local é un instituto armado de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizadas.

A Policía Local intégrase nun Corpo único sen prexuício das especialidades que poidan existir de acordo coas necesidades.

Artigo 3.

O Alcalde exerce a superior autoridade da Policía Local, así como o nomeamento e sanción dos Funcionarios que usen armas.

O Alcalde poderá exercer por sí ou delega-las competencias previstas neste Regulamento no membro da Corporación que designe, nos termos establecidos na Lexislación aplicable.

O mando operativo da Policía Local corresponderá ó Xefe do Corpo, que recaerá no Funcionario do Corpo coa maior categoría profesional.

Artigo 4.

Os membros pertencentes ó Corpo de Policía Local serán Funcionarios de Carreira e no exercicio das súas funcións terán a consideración de Axentes da Autoridade a tódolos efectos.

Artigo 5.

O ámbito de actuación da Policía Local estará constituído polo territorio do término municipal.

Previa autorización da Autoridade competente, os Axentes poderán realiza-las súas funcións fóra do seu término municipal, cando razóns especiais e de urxencia aconsellen tal actuación. Actuarán baixo o mando directo dos seus mandos naturais e dependendo funcional e temporalmente da dirección coordinada que se estableza en cada caso, sen prexuízo dos dereitos económicos ou de descanso que lles poideran corresponder.

Artigo 6.

Con carácter xeral, os servicios de seguridade pública de competencia municipal que impliquen exercicio de autoridade, serán desempeñados por Funcionarios da Policía Local para maior garantía de obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio das súas funcións.

Artigo 7.

Terán a consideración de Auxiliares da Policía Local, os Funcionarios e demais persoal que teña asignadas misións de vixilancia en relación con dependencias, edificios municipais, estacionamento

en vías públicas e, calquera outra misión de vixilancia que poida ser asignada pola Alcaldía ou Concelleiro no que delegue.

Artigo 8.

Son principios básicos da actuación dos membros do Corpo da Policía Local os seguintes:

1. Adecuación ó ordenamento xurídico vixente, especialmente:

a. Exerce-la súa función con absoluto respecto a Constitución e ó resto do ordenamento xurídico.

b. Actuar no cumprimento das súas funcións con absoluta neutralidade política e imparcialidade e, en consecuencia, sen discriminación ningunha por razón de raza, relixión ou opinión.

c. Actuar con integridade e dignidade. En particular, deberán absterse de todo acto de corrupción e opoñerse a él resoltamente.

d. Suxeitarase na súa actuación profesional ós principios de xerarquía e subordinación. En ningún caso, a obediencia debida amparará ordes que entrañen a execución de actos que manifestamente constitúan delito ou sexan contrarios ás leis.

e. Colaborar coa Administración de Xustiza e Auxiliares nos termos establecidos na Lei.

2. Relacións coa comunidade. Singularmente:

a. Impedir no exercicio da súa actuación profesional calquera práctica abusiva, arbitraria ou discriminatoria que entrañe violencia física ou moral.

b. Observar en todo momento un trato correcto e esmerado nas súas relacións cos cidadáns, a quen procurarán auxiliar e protexer sempre que as circunstancias o aconsellen ou foran requiridos para elo. En tódalas súas intervencións proporcionarán información cumprida e tan ampla como sexa posible, sobre as causas e finalidade das mesmas.

c. No exercicio das súas funcións deberán actuar coa decisión necesaria e sen demora, cando delo dependa evitar un dano grave, inmediato e irreparable; rexéndose ó facelo polos principios de congruencia, oportunidade e proporcionalidade na utilización dos medios ó seu alcance.

d. Soamente deberá utiliza-las armas nas situacións en que exista un risco racionalmente grave para a súa vida, a súa integridade física ou ás de terceiras persoas, ou naquelas circunstancias que poidan supoñer un grave risco para a seguridade cidadá, e de conformidade cos principios ós que se refire o parágrafo anterior.

2. Tratamento de detidos, especialmente:

a. Os membros do Corpo da Policía Local deberán identificar debidamente como tales no momento de efectuar unha detención.

b. Velarán pola vida e integridade física das persoas a quen deteñan ou que se atopen baixo a súa custodia e respetarán o honor e a dignidade das persoas.

c. Darán cumprimento e observarán coa debida dilixencia os trámites, prazos e requisitos esixidos polo ordenamento xurídico, cando se proceda á detención dunha persoa.

4. Dedicación profesional.

No cumprimento das súas funcións, deberán intervir sempre en calquer tempo e lugar, atopándose ou non de servizo, en defensa da Lei e da seguridade cidadá.

5. Segredo profesional.

Deberán gardar riguroso segredo respecto de tódalas informacións que coñezan por razón ou con ocasión do desempeño das súas funcións. Non estarán obrigados a revela-las fontes de información, salvo que o exercicio das súas funcións ou as disposicións da Lei impoñan actuar doutra maneira.

6. Responsabilidade.

Son responsables persoal e directamente dos actos que na súa actuación profesional levasen a cabo infrinxindo ou vulnerando as normas legais, así como das regulamentarias que rexan a súa profesión e dos principios enunciados anteriormente, sen prexuízo da responsabilidade patrimonial que poida corresponder á Administración Pública polas mesmas.

Capítulo II

Das Funcións da Policía Local

Artigo 9.

O Corpo da Policía Local deberá exercer-las funcións que se establecen no artigo 53 da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade, as que se deriven da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e cantas puideran establecerse por outras disposicións que sexan de aplicación.

Artigo 10.

Serán funcións do Corpo da Policía Local as seguintes:

a. Protexer ás Autoridades da Corporación Local e a vixilancia ou custodia dos seus edificios, monumentos, parques e xardíns e instalacións de todo tipo que constitúen o patrimonio municipal.

b. Ordenar, sinalizar e dirixi-la circulación e o estacionamento no casco urbano, de acordo co establecido nas normas de circulación.

c. Instruír atestados por accidentes de circulación dentro do caso urbano.

d. Velar, dentro do termo municipal, polo exacto cumprimento das ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais. A vixilancia de licencias municipais, ocupación da vía pública, venda ambulante, servizos públicos, protección do medio ambiente, Policía de espectáculos e establecementos públicos, etc.

e. A participación e cooperación nos actos de representación corporativa.

f. Participar nas funcións da Policía Xudicial na forma establecida no artigo 29.2 da Lei de Corpos e Forzas de Seguridade.

g. A prestación de auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública, participando na forma prevista nas Leis, na execución dos Plans de Protección Civil.

h. Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evita-la comisión de actos delictivos no marco de colaboración establecido nas Xuntas Locais de Seguridade.

i. Vixia-los espacios públicos e colaborar coas restantes forzas e Corpos de Seguridade na protección das manifestacións e no mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos para elo.

k) Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos para elo.

l. Todas aquelas que lles atribúa a Lexislación vixente, se deriven da súa natureza ou veñan impostas por necesidade de urxente ou inaprazable cumprimento.

Artigo 11.

O Corpo da Policía Local en funcións da Policía Xudicial practicará as dilixencias que se derivan do apartado c) do artigo anterior, remitindo ós Organos xurisdiccionais competentes o documento no que se plasmen, de acordo coa normativa vixente.

Artigo 12.

O principio de reciprocidade na información como elemento básico para a eficacia e coordinación da actuación policial debe rexer como norma nas relacións entre os Corpos Policiais das diversas Administracións, polo que entre elas subministraranse as informacións para o estricto cumprimento das súas funcións.

Artigo 13.

O Corpo da Policía Local, poderá, asemade, exercer funcións de Policía administrativa de carácter estatal ou autonómico mediante a denuncia das infraccións pertinentes perante os Organos competentes para a súa resolución.

Título II

NORMAS BASICAS DE ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Capítulo I

Normas Básicas de Estructura e Organización

Artigo 14.

E competencia municipal organiza-lo Corpo da Policía Local, respetando as normas e principios básicos que se establecen neste Regulamento.

Artigo 15.

En tanto non se aprobe o Estatuto da Policía Municipal previsto na Terceira Disposición Final da Lei 7/1985, reguladora das bases do Réxime Local, ou disposición de carácter xeral que o substitúa, e de acordo coa Disposición Transitoria Cuarta do Texto Refundido do Réxime Local, o Corpo da Policía Local estará integrado por unha escala técnica ou de mando e outra executiva. Na escala técnica existirá o emprego de Oficial; na executiva os de Suboficial, Sarxento, Cabo e Garda.

Cada unha das categorías citadas no parágrafo anterior contará coas prazas que se fixen na plantilla do Corpo.

Artigo 16.

1. O Corpo da Policía Local de Santiago de Compostela organízase en Unidades:

a. Xefatura.

b. Administrativa e de Servicios.

c. Tráfico.

d. Seguridade cidadá.

e. Tamén se poderán crear, entroutras, Unidades de Policía de Barrio e de Policía Xudicial, aténdose ó disposto na Lei de Forzas e Corpos de Seguridade e o Regulamento da Policía Xudicial.

1. As unidades organizaranse internamente á súa vez, en sección, equipos e grupos, segundo a amplitude e necesidades de cada unha.

a. Xefatura. Comprenderá o Gabinete Técnico e dela dependerá directamente a dirección e coordinación de tódolos servicios e unidades do Corpo. No Gabinete Técnico centralizaranse as funcións de Persoal e Relacións Internas, Relacións coa Comunidade, materiais e equipamento.

b. Unidade Administrativa e de Servicios. Realizará toda a xestión administrativa da Policía Local, tamén comprenderá aqueles servicios especializados e estáticos que se determinen pola Xefatura (inspeccións de obras, potecións do medio ambiente, vixilancia de mercados e edificios municipais, etc.).

c. Unidade de Tráfico. Estará integrada polos Axentes destinados á regulación do tráfico, grúas, motoristas e atestados.

d. Unidade de Seguridade Cidadán. Funcionará as vinte e catro horas do día e comprenderá inicialmente os servicios do 092, custodia de presos e detidos.

1. Existirá ademais a Escuadra de Honores que acompañará á Corporación nos actos solemnes ós que asista. Rendirá honores ás altas persoalidades e xerarquías, así como nos actos protocolarios. Non terá carácter de misión permanente e polo tanto o persoal adscrito á mesma desempeñará os seus propios cometidos dentro das súas Unidades.

2. Como norma xeral, as Unidades estarán mandadas por Suboficiales ou Sarxentos, as Seccións estarán mandadas por Sarxentos e, os Grupos e Equipos por Sarxentos ou Cabos.

Artigo 17.

A Escola de Seguridade Pública e Protección Civil terá como función a elaboración, programación e desenvolvemento dos criterios de selección, formación e perfeccionamento dos membros dos servicios de Seguridade Pública e Protección Civil do Concello de Santiago.

Impartirá, ademais dos cursos selectivos de formación básica para Funcionarios en prácticas, cursos de aptitude para ascensos e cursos de especialización e reciclaxe.

Os cursos antes mencionados poderanse substituír por cursos feitos ou concertados en Escolas Públicas e Oficiais, como a Escola Galega da Función Pública ou outras Escolas e Institucións Públicas

debidamente recoñecidas, como sería, caso de crearse, a Escola de Seguridade Pública de Galicia.

Estará rexida por un consello Rector formado polo lltmo. Señor Alcalde, como Presidente, e como Vocais os Concelleiros Delegados das áreas de Protección Cidadá e Educación, os Xefes da Policía Local e do Servicio Municipal de Extinción de Incendios, o Director da Escola, un Técnico Municipal designado pola Alcaldía e dous Funcionarios Municipais, en representación do persoal, designados polas Seccións Sindicais ou Xunta de Persoal. Actuará como Secretario o da Corporación ou Funcionario Municipal no que delegue.

Terá autonomía funcional e un Regulamento propio que será aprobado polo Excmo. Concello Pleno.

Artigo 18.

A organización das diferentes Unidades será responsabilidade da Xefatura do Corpo, a quen corresponde establecer o número de integrantes de cada Unidade, de acordo coas necesidades do servicio e as prioridades establecidas pola Alcaldía, así como designar ó persoal que ha de integrar cada unha das unidades, de acordo coas condicións que se establezan.

Os Funcionarios do Corpo da Policía Local, como tódolos Funcionarios Municipais, teñen asegurado o seu dereito ó cargo, sen prexuízo da súa adscrición a uns ou outros postos de traballo, neste senso pertencer a unha ou outra Unidade ou sección non implicará destino fixo na mesma.

Artigo 19.

A provisión de vacantes e destinos nas distintas Unidades do Corpo, así como as condicións requeridas para o seu desempeño e o baremo a utilizar, será feita pública no Taboleiro de Anuncios para xeral coñecemento dos compoñentes do Corpo interesados en optar a elas. Os postos de servicio nas diferentes categorías proveeranse de acordo cos principios de capacidade, mérito e antigüidade.

Capítulo II

Normas Básicas de Funcionamento

Artigo 20.

1. A Policía Local exercerá primordialmente funcións de prevención, impedindo coa súa presenza uniformada a Comisión de feitos delictivos.

2. A actuación policial basearase na:

a. Acomodación ás directrices e obxectivos decididos polo Municipio.

b. Polivalencia no exercicio das súas funcións.

c. Autonomía e responsabilidade no exercicio das funcións, xa se exerzan de forma individual ou en parella policial.

d. Transparencia na prestación do servicio, dando conta ós superiores xerárquicos das actuacións policiais e dos resultados dos dispositivos que se establezan.

Artigo 21.

1. O servicio da Policía Local estará coordinado cos restantes servicios municipais e cos doutras Institucións. En todo existirá unha mutua coordinación e información recíproca entre a Policía Local e as demais Forzas e

Corpos de Seguridade, na elaboración de plans e actividades de seguridade conxunta, no marco da Xunta Local de Seguridade.

2. O servizo da Policía Local funcionará as vinte e catro horas do día e abarcará a totalidade do territorio municipal.
3. O Municipio, a proposta do Xefe do Corpo, elaborará un esquema organizativo do Corpo Policial, con indicación dos cometidos e medios asignados, respetando os principios organizativos fixados anteriormente.

Artigo 22.

Nas distintas Unidades do Corpo distribuiranse as funcións entre os distintos empregos e compoñentes de tal xeito que, en todo momento, exista un único responsable diante da Xefatura.

As substitucións accidentais, salvo resolución expresa en contrario, corresponde exercelas ó compoñente do Corpo máis antigo da categoría inmediata inferior.

Artigo 23.

A Policía Local como Corpo xerarquizado utilizará sempre, para calquera asunto que afecte ó servizo, o conducto regulamentario, da maneira seguinte:

1. Calquera compoñente do Corpo poderá dirixir informe, petición ou queixa a calquera superior xerárquico, incluída a Alcaldía-Presidencia.
2. O informe, petición ou queixa deberá realizalo a través dos seus inmediatos superiores xerárquicos.
3. Todo membro do Corpo que realice un informe, petición ou queixa a un superior xerárquico, poderá facelo por duplicado, quedando unha copia selada no seu poder.
4. O anterior enténdese sen prexuízo dos dereitos e competencias que correspondan ós Representantes Sindicais membros do Corpo da Policía Local, no exercicio das súas funcións.

Artigo 24.

1. Aquelas ordes que pola súa complexidade, importancia, problemática realización ou calquera motivo análogo poidan orixinar malentendidos ou situacións conflictivas, segundo a valoración do mando e cando a urxencia dos servizos o permita, serán cursadas por escrito.
2. Se un subordinado crer que algunha orde pode ser obxecto de especial responsabilidade poderá solicitar que se lle dea por escrito.

Artigo 25.

No servizo, os Funcionarios do Corpo da Policía Local con mando, asumirán sempre o posto de maior responsabilidade e perigo, de habelo, velando para que todo o personal ás súas ordes observe o cumprimento dos seus deberes.

Instruirán ós seus subordinados teórica e practicamente, poñéndolles de manifesto que a observancia das disposicións se debe practicar por propio convencemento e serán exemplo de

puntualidade, disciplina, austeridade e corrección en tódolos seus actos.

Artigo 26.

1. O Xefe do Corpo da Policía Local será a primeira xerarquía do Corpo, correspóndelle o mando inmediato da Policía Municipal baixo a superior autoridade da Alcaldía, e a dependencia directa do Alcalde ou membro da Corporación no que delegue.
2. O Xefe do Corpo de Policía Local é o responsable da forza ás súas ordes e do comportamento, disciplina e cumprimento das normas de presentación do persoal que o integra.
3. Por razón do seu cargo terá as seguintes funcións expresas:
 - a. Exerce-lo mando sobre todo o persoal do Corpo directamente e a través da estrutura xerárquica establecida.
 - b. A organización e a coordinación de tódolos servizos do Corpo.
 - c. Dicta-las normas e instrucións do réxime interno do Corpo, no ámbito da súa competencia, sometendo á sanción da Alcaldía aquelas que pola súa trascendencia así o requiran.
 - d. Asigna-los destinos de todo o persoal do Corpo, de acordo coas condicións e requisitos que se establezan.
 - e. Esixir a tódolos compoñentes do Corpo o cumprimento dos seus deberes, sen menoscabo das atribucións que a cada cal correspondan.
 - f. Coa frecuencia que a boa marcha dos servizos esixa, facer revisión xeral ou parcial das diferentes unidades e seccións, respecto ás instrucións, vestiario, material, mobiliario, locais e dependencias.
 - g. Reunirse cantas veces resulte preciso e, alomenos unha vez ó mes cos seus inferiores xerárquicos na escala ou mando, para avaliar o funcionamento e necesidades das diferentes Unidades e Seccións, estudar a coordinación e programación das tarefas encomendadas e lles informar das directrices que guiarán o seu funcionamento.
 - h. Velar pola formación, instrución e disciplina dos compoñentes do Corpo.
 - i. Informar á Alcaldía de cantos datos e antecedentes propios do seu cometido sexan necesarios.

k) Presentarse diariamente, e sempre que fose requerido, á Alcaldía para lle informar do servizo e recibir-las ordes oportunas.

l. Acudir, en canto teña coñecemento, persoalmente, o lugar de todo suceso grave, incendio ou calquera outro feito da mesma natureza que ocorra dentro do termo municipal, dispoñendo a prestación dos servizos e adoptando as medidas oportunas. Informará de maneira inmediata ós seus superiores, cando a magnitude do caso o requira.

II. Formula-las propostas oportunas á Alcaldía ou Concelleiro Delegado dirixidas a cubrir as necesidades en medios, formación e persoal do Corpo da Policía Local.

I. Formular anualmente a memoria do servizo da Policía Local, na que se recollerán as actividades desenvoltas durante o ano e as propostas que estime pertinentes para melloralos servizos.

m. Acompará á Corporación sempre que se lle ordene, en tódolos actos en que conorra e coa forza que resulte precisa.

N) Realizar á Alcaldía e ó Concelleiro Delegado tódalas propostas necesarias referentes á prestación dos servizos nos que é competente a Policía Municipal.

n. Propoñe-las distincións que para os compoñentes do Corpo se determinen.

o. Colaborar cos órganos responsables da planificación e sinalización do tráfico.

p. Calquera outra que se derive do exercicio do seu cargo, se lle atribúa regulamentariamente, ou lle ordene a Alcaldía.

Artigo 27.

1. Os Suboficiais do Corpo da Policía Local exercerán a autoridade e mando sobre todo o persoal do Corpo de inferior graduación e substituirán ó Xefe do Corpo en tódalas súas atribucións, nos casos de se producir vacante, enfermidade, licencia ou ausencia regulamentaria.

2. Son funcións específicas dos Suboficiais:

a. Substituír ó Xefe do Corpo.

b. Auxiliar ó Xefe nas funcións ou servizos que lle son propios e exercer directamente aqueles cometidos que lles delegue.

c. Informar ó Xefe do Corpo sobre aquelas materias relativas ó bo goberno das Unidades, así como asesoralo sobre todo para o que fora requirido.

d. Dictar normas e instrucións para o seu cumprimento no ámbito da súa competencia.

e. Designa-lo persoal que vaia realiza-los servizos, de acordo coas condicións que se establezan, vixiando o puntual e exacto cumprimento das disposicións dictadas.

f. Informar ó seu superior xerárquico de toda anormalidade ou extralimitación que aprecien, tanto nos servizos como no persoal encargado de realizalos, e propoñe-la corrección das faltas que coñezan, directamente ou a través dos seus inferiores xerárquicos, especialmente daquelas que pola súa gravidade ou reiteración poidan ser obxecto de expediente disciplinario.

g. Velar polo persoal ás súas ordes, polo mantemento das normas de presentación do persoal, puntualidade, asistencia ó traballo e disciplina.

h. Velar pola limpeza, conservación e mantemento do material encomendado.

i. Revisa-los partes de novidades.

k) Observar unha conduta intachable tratando con seriedade e corrección ós seus subordinados.

l) Calquera outra que se derive do exercicio do seu cargo ou que se lle atribúa regulamentariamente.

II. Reunirse cantas veces resulte preciso cos seus inferiores xerárquicos, para avalialo funcionamento e as necesidades da súa unidade e sección, estudia-la coordinación e programación das tarefas encomendadas e informarlles das directrices que guiarán o seu funcionamento.

Artigo 28.

1. Os Sarxentos estarán ás ordes inmediatas do Xefe e dos Suboficiais. Terán mando directo sobre os Funcionarios do Corpo de inferior graduación e desempeñarán as seguintes funcións específicas:

a. Auxiliar ós seus superiores e substituílos no caso de ausencia regulamentaria, licencia ou enfermidade.

b. Velar polo exacto cumprimento das ordes e disposicións dictadas en relación cos distintos servizos.

c. Manter estreito contacto cos Funcionarios de inferior xerarquía, servindo de eficaz nexo de unión entre eles e a Xefatura do Corpo.

d. Dar conta das incidencias acaecidas no transcurso do servizo.

e. Velar polo bo comportamento do persoal ás súas ordes, e, en xeral, do que integra a Policía Local.

f. Propoñer ó superior inmediato a corrección das fallas que observen e, especialmente, dando conta daquelas que pola súa gravidade ou reiteración poidan ser obxecto de procedemento disciplinario.

g. Vixia-la exactitude no cumprimento das ordes e disposicións en relación cos distintos servizos.

h. Inspeccionar periódica e constantemente ós sectores nos que presta servizo o persoal ás súas ordes, para a comprobación directa do cumprimento das misións encomendadas.

i. Colaborar cos Cabos e Policías nas funcións especificadas neste Regulamento para a Policía Local.

k. Observar unha conduta intachable tratando con seriedade e corrección ós seus subordinados.

l. Calquera outra que se derive do exercicio do seu cargo ou que se lle atribúa regulamentariamente.

Artigo 29.

Os Cabos, que por mor da súa misión deban estar en estreito contacto cos Policías e sobre os que terán mando, están obrigados a:

a. Velar polo exacto cumprimento dos servizos encomendados ós Policías ás súas ordes, así como que estes fagan unha correcta utilización do material que lles fora asignado.

b. Dar conta por conducto regulamentario das incidencias que se produzan durante a prestación do servizo, así como das accións tanto meritorias ou destacables como das infraccións do persoal ás súas ordes.

c. Percorrer constantemente a zona que lles sexa asignada, vixiando o exacto cumprimento das disposicións municipais ou servicios que lles están encomendados ós Policias baixo a súa responsabilidade.

d. Auxiliar ós seus superiores e substituílos en caso de ausencia regulamentaria, licencia ou enfermidade.

e. Colaborar cos Policias na realización das funcións que teñen estipuladas.

f. Manterse en relación cos seus subordinados e tratar que reine a maior harmonía e conxunción de obxectivos para o mellor funcionamento do Corpo.

g. Observar unha conducta intachable tratando con seriedade e corrección ós subordinados.

h. Calquera outra que se derive do exercicio do seu cargo ou que se lle atribúa regulamentariamente.

Artigo 30.

Corresponde ós Policias o exacto cumprimento das funcións xenéricas que se lles encomenda no presente Regulamento, así como as específicas do destino concreto que desempeñen, cumprindo puntualmente as ordes dos seus superiores xerárquicos, orientadas a esta finalidade.

Título III

DO PERSOAL DA POLICIA LOCAL

Capítulo I

Disposicións Xerais

Artigo 31.

O réxime estatutario dos membros do Corpo da Policía Local estará constituído polos preceptos contidos na Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade que lles sexan aplicables, polas disposicións do presente Regulamento, polas normas do Réxime Local, polas disposicións dictadas ó efecto polas Comunidades Autónomas, polo Estatuto previsto na Lei de Bases do Réxime Local, cando se publique, e demais normas que lles resulten de aplicación.

Capítulo II

Dos Deberes dos Policias Locais

Artigo 32.

Os Funcionarios do Corpo da Policía Local, no exercicio do cargo, estarán suxeitos a cantos deberes poidan derivarse da aplicación do réxime estatutario xeral e especialmente:

a. Deberán xurar ou prometer a Constitución como norma fundamental do Estado.

b. Gardarán un respecto absoluto á Constitución e ó resto do ordenamento xurídico.

c. Deberán actuar no cumprimento das súas funcións con absoluta neutralidade e imparcialidade.

d. Deberán actuar coa integridade e dignidade inherentes á súa función.

e. Deberán impedir e non exercitar ningún tipo de práctica abusiva que entrañe violencia física ou moral.

f. Gardarán o debido segredo nos asuntos do servicio que se lles encomende, así como da identidade dos denunciante.

g. Deberán cumprimentar con absoluta rigurosidade a normativa sobre incompatibilidades.

h. Non poderán participar en folgas nin accións substitutivas das mesmas.

i. Sendo a disciplina unha base fundamental en todo Corpo xerarquizado, deberán obedecer a executa-las ordes que reciban dos seus superiores xerárquicos, sempre que non constitúan un ilícito penal ou foran contrarias á Constitución.

k) Deberán levar a cabo as súas funcións con total dedicación, debendo intervir sempre en calquera tempo e lugar, atópense ou non de servicio, en defensa da Lei e da Seguridade Cidadá.

l) Deberán presentarse en todo momento en perfecto estado de uniformidade e aseo persoal, mantendo en bo estado de conservación, tanto o vestiario como os equipos que lles foron entregados ou encomendados para o seu uso ou custodia. En ningún caso o uniforme poderá utilizarse á marxe dos servicios encomendados.

ll) Observarán estricta puntualidade na asistencia ó servicio.

m) Observarán en todo momento unha conducta de máximo decoro e probidade, axustada á dignidade do cargo, tratando con esmerada corrección ó cidadán.

n) Intervirán na evitación de calquera tipo de delito ou falta.

Ñ) Auxiliarán en todo momento a cantas persoas necesiten axuda.

o. Estarán obrigados a prestar axuda ós seus propios compañeiros e ós demais membros das Forzas e Corpos de Seguridade, cando sexan requiridos ou cando sexa necesaria a súa intervención.

p. Ao deter a algunha persoa informaranlle dos seus dereitos de conformidade co previsto na Lexislación vixente, comunicándolle coa suficiente claridade os motivos da súa detención.

q. Estarán obrigados a cumprir íntegramente a súa xornada de traballo e non abandonarán o servicio ata que sexan relevados, cando as necesidades do servicio así o requiran ou se estas son as ordes recibidas, sen prexuízo dos dereitos económicos que lles correspondan.

r. Na realización dos servicios, o de maior categoría sumirá a iniciativa e responsabilidade destes.

s. Unicamente utilizarán a súa arma nos casos e na forma prevista nas Leis, tendo sempre presente os principios de congruencia, oportunidade e proporcionalidade na utilización dos medios ó seu alcance.

t. As solicitudes, informes, peticións ou queixas efectuaránse polos canais regulamentarios, nos termos establecidos no presente Regulamento.

Sen prexuízo das facultades derivadas do exercicio de funcións sindicais.

u. Absteranse de inxerir bebidas alcohólicas, de consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, durante o servizo ou con habitualidade.

v. Comunicarán o enderezo do seu domicilio e cambios sucesivos que teña no mesmo, así como o número de teléfono, caso de telo.

x. Estarán obrigados á prestación de servizo extraordinario ou de urxencia, cando as necesidades do servizo o esixan e fosen requeridos para elo, sen prexuízo dos dereitos económicos que lles asistan.

Artigo 33.

O saúdo é unha expresión exterior de consideración e respecto e os axentes do Corpo da Policía Local saudarán regulamentariamente, sempre que pasen xunto a eles, ó ltmo señor Alcalde, Tenentes de Alcalde e Concelleiros; saudarán tamén, do mesmo xeito, ás primeiras autoridades, ós seus superiores do Corpo e, durante os actos e conmemoracións oficiais que así o requiran, ás Bandeiras de Galicia e España, á bandeira e ó pendón da Cidade, ós himnos oficiais, e tamén, ó se acercar e se despedir en toda intervención, ós cidadáns.

Capítulo Terceiro

Dos Dereitos dos Policias Locais

Artigo 34.

Os Funcionarios do Corpo da Policía Local gozarán de cantos dereitos se derivan da aplicación do réxime estatutario xeral dos funcionarios, coas limitacións establecidas na Lei 2/1986, do 13 de marzo, e singularmente:

a. Dereito a unha adecuada promoción profesional, dacordo cos principios de obxectividade, igualdade de oportunidades, mérito e capacidade.

b. Dereito a unha adecuada formación.

c. Dereito á remuneración que lles corresponda, de conformidade coa normativa de aplicación e as especiais características do posto de traballo.

d. Dereito ás vacacións, permisos e licencias que lle correspondan, e que se regularán polo que estableza a lexislación vixente en cada momento e polos acordos entre a Corporación e os seus funcionarios, a través dos seus órganos de representación.

e. Dereito a obter información e a participar nas cuestións de persoal a través dos seus representantes sindicais.

f. Dereito a unha eficaz defensa xudicial por actos derivados do servizo, sempre e cando o funcionario non litigue contra os intereses do municipio.

g. Dereito ás recompensas e premios que se establezan regulamentariamente, debendo constar nos expedientes personais.

h. Dereito a se afiliarse libremente a calquera partido político ou Sindicato.

i. Dereito á cobertura da responsabilidade civil que puidera derivarse da súa actuación

profesional, nos termos establecidos na lexislación aplicable.

Artigo 35.

O dereito de representación e negociación colectiva dos membros da Policía Local será exercido de conformidade co establecido na Lei Orgánica de Liberdade Sindical, a Lei de Organos de Representación dos funcionarios das Administracións Públicas e a lexislación de aplicación en cada momento.

Artigo 36.

Recoñécese o dereito á mobilidade dos funcionarios do Corpo da Policía Local con arreglo ós criterios que se establezan.

Título IV

Ingreso, Promoción e Mobilidade

Artigo 37.

1. A convocatoria das probas de acceso ós diferentes empregos que compoñen as escalas do Corpo da Policía Local será realizada polo Concello, previa oferta de emprego público para cubri-las vacantes.
2. As convocatorias rexeranse polos principios de publicidade, mérito e capacidade.
3. O ingreso á condición de Funcionario do Corpo da Policía Municipal rexerase polo establecido nas disposicións legais aplicables ós demais Funcionarios da Administración Local.

Artigo 38.

1. O acceso á escala básica no Corpo da Policía Local no emprego de garda, estará regulado polo establecido na lexislación vixente e serán, en todo caso, requisitos imprescindibles:
 - a. Ter cumpridos os 18 anos e non sobrepassa-los 30.
 - b. Posuí-lo título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente.
 - c. Ser titular do permiso de conducir das clases A-2 e B-2.
 - d. Ter unha talla mínima de 1,70 metros os homes e 1,65 metros as mulleres.
 - e. Non padecer defecto físico nin enfermidade que lle impida o normal desenvolvemento das funcións propias do cargo.
 - f. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, da Administración Autónoma ou Local, nin se atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas nin incurso en calquera das causas de incompatibilidade, a tenor da Lei 53/1984, do 26 de decembro, o día da toma de posesión se resultase nomeado.
 - g. Supera-las probas selectivas que se establezan que serán de carácter teórico e práctico e incluírán, necesariamente, un recoñecemento médico exhaustivo, probas de capacitación física, exame picotécnico e avaliación de coñecementos xerais e específicos de materias relacionadas co exercicio profesional.

1. O ingreso no Corpo da Policía Local farase por oposición libre e requirirá, cando así se estableza, a superación dun curso selectivo de formación teórico-práctico.
2. O Curso terá unha duración mínima de seis meses e durante o período de permanencia no mesmo os aspirantes percibirán as retribucións que para os funcionarios en prácticas estableza a lexislación vixente.
3. Concluído o curso selectivo de formación e prácticas, procederase á calificación final dos Policias en prácticas por unha Comisión que estará presidida polo Iltmo. Señor Alcalde, e da que formarán parte como Vocais: O Concelleiro Delegado, o Xefe do Corpo, o Director ou o coordinador do Curso e un representante do persoal, designado polas Seccións Sindicais ou Xunta de Persoal, e como Secretario o da Corporación ou funcionario municipal no que delegue.
4. Os "funcionarios en prácticas" que non superen o Curso Selectivo, serán declarados non aptos. Aos que o superen lles será conferido polo Alcalde-Presidente, o nomeamento como funcionarios, previa presentación da documentación á que houbese lugar.

Artigo 39.

En cada convocatoria de probas de acceso ós distintos empregos do Corpo da Policía Local, a excepción das prazas de gardas, reservaranse, alomenos, o 50% das prazas que se convoquen para promoción dos funcionarios do emprego inferior.

Artigo 40.

Serán, en todo caso, requisitos imprescindibles para a promoción interna:

- a. Ter unha antigüidade mínima no emprego anterior de dous anos.
- b. Posuí-la titulación requerida.
- c. Superar un Concurso ou Concurso-Oposición.
- d. Superar-lo curso de aptitude de ascenso, cando así se estableza.

Artigo 41.

Para a mobilidade dos membros do Corpo da Policía Local entre os distintos Corpos da Comunidade Autónoma de Galicia estarase ó que dispoña a lexislación estatal e autonómica.

Título V

PREMIOS E DISTINCIONS

Artigo 42.

1. Os membros do Corpo da Policía Local poderán ser premiados, distinguidos, felicitados ou condecorados polos actos de especial transcendencia e mérito realizados na prestación do servizo, así como polo mantemento durante a vida profesional dunha conducta exemplar.
2. As mencións honoríficas sinaladas no parágrafo anterior constituirán mérito destacado na fase de Concurso para os ascensos e faranse constar nos expedientes persoais.

Artigo 43.

A felicitación, pública ou privada, faráa o Iltmo. Señor Alcalde, por propia iniciativa ou a proposta do Concelleiro Delegado ou do Xefe do Corpo, para aqueles membros do Corpo que se distinguen durante a prestación do servizo ou teñan unha actuación destacada ou especialmente meritosa.

Artigo 44.

Serán recompensados co Galón de Méritos aqueles compoñentes do Corpo que se distinguen especialmente polas súas virtudes profesionais e humanas.

O Galón de Méritos consistirá en un galón prateado rectangular colocado na manga esquerda.

A súa concesión será feita pola Alcaldía-Presidencia, previa aprobación plenaria, por propia iniciativa ou a proposta do Xefe do Corpo ou Concelleiro Delegado.

Artigo 45.

A concesión da Medalla de Servizos Distinguidos do Corpo da Policía Local de Santiago de Compostela, outorgarase a aqueles compoñentes do Corpo que se distinguen na realización de algún acto heróico ou xeneroso, con grave risco da súa vida.

A súa concesión será aprobada polo Pleno da Corporación Municipal, por propia iniciativa ou a proposta do Iltmo. señor Alcalde, do Concelleiro Delegado ou Xefe do Corpo. Requerirá previa tramitación.

A medalla de Servizos Distinguidos do Corpo da Policía Municipal de Santiago de Compostela só poderá ser concedida unha vez ó mesmo funcionario.

Artigo 46.

A concesión da Medalla do Corpo da Policía Local de Santiago de Compostela, outorgarase polo mantemento durante a vida profesional dunha conducta exemplar ou polos méritos contraídos ó longo dun período de tempo.

Será concedida polo Pleno da Corporación por propia iniciativa ou a proposta do Iltmo. señor Alcalde, Concelleiro Delegado ou Xefe do Corpo. Requerirá previa tramitación.

A Medalla do Corpo da Policía Local de Santiago de Compostela só poderá ser concedida unha vez ó mesmo Funcionario.

Título VI

UNIFORMIDADE E NORMAS DE PRESENTACIÓN

Artigo 47.

O Policía Local deberá presentarse en todo momento en perfecto estado de uniformidade e aseo persoal, mantendo en bo estado de conservación tanto o vestiario como os equipos que lle foron entregados ou encomendados para o seu uso ou custodia.

Artigo 48.

O uniforme básico de tódolos compoñentes do Corpo da Policía Local será de cor azul marino, completándose con prenda de cabeza da mesma cor e calzado e calcetín negro.

O uniforme de gala será o acordado polo Municipio e sometido ás normas xerais que se dicten.

Artigo 49.

Os membros do Corpo da Policía Local cando estean de servizo vestirán o uniforme regulamentario.

Nos casos en que se considere necesaria a prestación de determinados servicios sen o uniforme regulamentario, haberá de segui-lo procedemento fixado na lexislación vixente. Acreditando, neste caso, a súa personalidade a través da praca insignia e do carnet profesional.

Prohíbese a utilización do uniforme regulamentario, ou prendas do mesmo, fóra de horas e actos de servizo.

Artigo 50.

Os uniformes e equipos regulamentarios serán costeados polo Municipio que virá obrigado a facilitar ós axentes un uniforme cada ano, incluíndo calzado, garabata ou pano para o colo, gorra ou boina, pantalóns, calcetíns e camisas. As restantes prendas serán repostas unha vez transcorrido o prazo de caducidade que se estableza.

As normas de Uniformidade que se elaboren pola Xefatura do Corpo deberán referirse ós seguintes conceptos:

- Vestuario.
- Divisas.
- Distintivos
- Praca insignia.
- Condecoracións.
- Equipo.

A Praca Insignia da Policía Local é un símbolo que acredita á persoa que o ostenta, a súa pertencencia ó Corpo de Policía Municipal.

A Praca Insignia deberá incorporar, obrigatoriamente de forma visible o número de identificación de cada Policía Local e o escudo do Municipio e portarase no pectoral esquerdo do uniforme.

Artigo 51.

As condecoracións serán as oficialmente recoñecidas polo Estado, a Comunidade Autónoma e o Municipio.

Os membros do Corpo da Policía Local poderán ostentalas sobre o uniforme, nas ocasións que se determine regulamentariamente, previa acreditación do seu otorgamento.

Artigo 52.

Sobre o uniforme só poderán portarse as divisas, distintivos e condecoracións regulamentarias.

Co uniforme só se utilizará o armamento e equipo regulamentario.

Artigo 53.

Os membros da Policía Local posuirán a arma curta regulamentaria, de propiedade municipal, que lle será facilitada pola Corporación. O Alcalde poderá autorizar, excepcionalmente, a posesión dunha segunda arma.

Por parte da Xefatura do Corpo se determinará o tipo de armamento que utilizará a Policía Local, así como as normas de administración das armas, e as medidas de seguridade necesarias a fin de evita-la perda, substracción ou o uso indebido destas.

Artigo 54.

Tódolos membros do Corpo da Policía Local deberán ser dotados dun documento de acreditación profesional que se renovará cada cinco anos ou

cando se produza algunha variación e que conterà os seguintes datos:

- a.Fotografía en cor do axente.
 - b.Nome e apelidos.
 - c.Número Profesional.
 - d.Emprego que ocupa no Corpo.
 - e.Grupo sanguíneo.
 - f.Calquera outro dato clínico de interese.
- Aos xubilados do Corpo, dotaráselles dunha tarxeta profesional.

Artigo 55.

O persoal masculino do Corpo poderá levar bigote e barba, sempre que estean adecuadamente aseados, arreglados e recortados, ó igual que o cabelo.

Artigo 56.

Os compoñentes femininos do Corpo da Policía Local, poderán utilizar maquillaxe e adornos de tipo persoal, sempre que sexan de formas, tamaños e cores discretos. Levarán o cabelo recollido, cando así o requira pola súa lonxitude.

Título VII

SEGUNDA ACTIVIDADE

Artigo 57.

Os Funcionarios do Corpo da Policía Local que teñan diminuída a súa capacidade para desempeña-lo servizo ordinario, poderán pasar á situación de segunda actividade. Neste caso prestarán servizos noutras actividades municipais.

A incapacidade que determine o pase á segunda actividade será declarada por un Tribunal Médico, este requisito non será indispensable no caso dos axentes que superen os 60 anos de idade, en que poderá ser declarada de oficio pola Alcaldía, previo informe da Xefatura do Corpo.

Título VIII

REXIME DISCIPLINARIO

Capítulo I

Disposición Xerais

Artigo 58.

1.O réxime disciplinario dos Funcionarios do Corpo da Policía Local de Santiago de Compostela, sen perxuízo da súa adaptación ó que dispoña, no seu día, o Estatuto previsto na Lei de Bases de Réxime Local, ou norma que o substitúa, regularase polo establecido na Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo de Forzas e Corpos de Seguridade, especialmente polo disposto no capítulo II do seu Título I e na Sección 4ª do Capítulo IV do seu Título II, e polas normas do presente Regulamento e axustaranse ós principios establecidos na:

- a.Lei 30/1984, da Función Pública.
- b.Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- c.Real Decreto Lexislativo 781/1986.
- d.Lei 4/1988, da Función Pública de Galicia.

2.As normas do réxime disciplinario dos Funcionarios da Administración do Estado aplicaranse con carácter supletorio ó persoal do Corpo da Policía Municipal.

Artigo 59.

O procedemento disciplinario axustarase ós principios de sumariedade, celeridade, información da acusación ó interesado e audiencia.

Artigo 60.

O réxime disciplinario establecido neste Regulamento enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que pidan incorre-los Funcionarios, a cal se fará efectiva na forma que determine a Lei.

Artigo 61.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, os Funcionarios do Corpo da Policía Municipal terán a obriga de comunicar por escrito os feitos que consideren constitutivos de faltas moi graves tipificadas no presente Regulamento dos que teñan coñecemento ó seu superior xerárquico, salvo cando sexa éste o presunto infractor, neste caso, a comunicación efectuarase ó superior inmediato do mesmo.

Capítulo II

Faltas Disciplinarias

Artigo 62.

As faltas disciplinarias en que poden incorre-los membros do Corpo da Policía Local, no exercicio do seu cargo, poderán ser moi graves, graves e leves.

Artigo 63.

De acordo co disposto no Artigo 27.3 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, son faltas moi graves:

1. O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución no exercicio das funcións.
2. Calquera conducta constitutiva de delito doloso.
3. O abuso das súas atribucións e a práctica de tratos inhumanos, degradantes, discriminatorios e vexatorios ás persoas que se atopen baixo a súa custodia.
4. A insubordinación individual ou colectiva respecto ás autoridades ou mandos dos que dependa, así como a desobediencia ás lexítimas instrucións dadas por aqueles.
5. A non prestación de auxilio con urxencia, naqueles feitos ou circunstancias graves en que sexa obrigada a súa actuación.
6. O abandono de servizo.
7. A violación do segredo profesional e a falta do debido sigilo respecto ós asuntos que coñezan por razón do seu cargo, que perxudique ó desenvolvemento do labor policial ou a calquera persoa.
8. O exercicio de actividades públicas ou privadas incompatibles co desempeño das súas funcións.
9. A participación en folgas, en accións substitutivas das mesmas ou en actuacións concertadas co fin de altera-lo normal funcionamento dos servizos.
10. Ter sido sancionado pola Comisión de tres ou máis faltas graves no período dun ano.

11. A falta de colaboración manifesta cos demais membros das Forzas e Corpos de Seguridade.
12. Embriagarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas durante o servizo ou con habitualidade.
13. Calquera outra conducta non enumerada nos puntos anteriores e tipificada como falta moi grave na Lexislación Xeral dos Funcionarios.

Artigo 64.

Son faltas graves:

1. A grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou administrados.
2. Non mante-lo xefe ou superior a debida disciplina ou tolera-lo abuso ou extralimitación de facultades no persoal subordinado.
3. A falta de obediencia debida ás ordes dos superiores e Autoridades cando, de acordo cos criterios que se establecen no artigo 70, non se estime como moi grave.
4. A omisión da obriga de dar conta á superioridade de todo asunto de importancia que requira o seu coñecemento ou decisión urxente.
5. A deixación de facultades ou a infracción de deberes ou obrigacións inherentes ó cargo ou función cando se produzan de forma manifesta.
6. O atentado grave á dignidade dos funcionarios ou da Administración.
7. A falta de presentación ou posta a disposición inmediata nas dependencias da Policía Municipal, cando así se lle requira, no caso de catástrofe natural ou grave alteración da seguridade cidadá.
8. Non prestar servizo, alegando suposta enfermidade ou simulando maior gravidade desta.
9. A falta de rendemento que afecta ó normal funcionamento dos servizos e non constitúa falta moi grave de abandono do servizo.
10. A emisión de informes sobre asuntos de servizo que, sen faltar abertamente á verdade, desnaturalicen a mesma, valéndose de termos ambiguos, confusos ou tendenciosos, ou a alteren mediante inexactitudes, sempre que o feito non constitúa delito ou falta moi grave.
11. A intervención nun procedemento administrativo, cando concorra algunha das causas legais de abstención.
12. Non ir provistos nos actos de servizo de uniforme regulamentario, cando o seu uso sexa preceptivo, dos distintivos da categoría ou cargo, da arma regulamentaria ou dos medios de protección ou acción que se determinen, sempre que non medie autorización en contrario, así como dar lugar

ó seu extravío, perda ou substracción por negligencia inexcusable.

13. Exhíbi-los distintivos de identificación ou a arma regulamentaria sen causa xustificada, así como utiliza-la arma en acto de servizo ou fóra do mesmo infrinxindo as normas establecidas.
14. Asistir de uniforme ou facendo uso de ostentación dos distintivos de identificación a calquera manifestación ou reunión pública, salvo que se trate de actos de servizo ou actos oficiais nos que a asistencia de uniforme estea indicada.
15. Causar por negligencia danos graves na conservación de locais, materiais ou documentos relacionados co servizo ou dar lugar ó extravío, perda ou substracción destes pola mesma causa.
16. Usa-las dependencias e medios materiais do Corpo ou do Concello para fins particulares.
17. Promover ou tomar parte activa en altercados ou reñas durante a prestación do servizo.
18. Os actos e omisións negligentes ou deliberados que causan grave dano ó labor policial ou a negativa inxustificada a prestar colaboración solicitada con ocasión dun servizo, sempre que non constitúa falta moi grave.
19. Solicitar e obter cambios de destino mediando calquera recompensa, ánimo de lucro ou falseando as condicións que os regulan.
20. Promover ou asistir a encerros en locais policiais ou ocupalos sen autorización.
21. A ausencia sen causa xustificada, aínda momentánea, dun servizo sempre que non constitúa falta moi grave.
22. A reincidencia en falta leve, considerándose como tal o feito de ter sido corrixido en firme en tres ocasións, por faltas desta magnitude, no transcurso dun ano.
23. As accións ou omisións dirixidas a evita-los sistemas de control de horario e a impedir que sexan detectados os incumprimentos inxustificados da xornada laboral.
24. Calquera outra conducta non enumerada nos puntos anteriores e tipificada como falta grave na lexislación xeral de Funcionarios.

Artigo 65.

Son faltas leves:

1. O retraso ou negligencia no cumprimento das funcións ou a falta de interese na instrución ou preparación persoal para desempeñalas.
2. A incorrección cos administrados ou con outros membros das Forzas e Corpos de Seguridade, sempre que non merezan unha calificación máis grave.
3. O incumprimento inxustificado da xornada de traballo, que non constitúa falta de maior

gravidade, así como as faltas repetidas de puntualidade.

4. A falta inxustificada por un día ó servizo.
5. O mal uso ou o descuido na conservación dos locais, material ou demais elementos dos servizos, así como o incumprimento das normas dadas nesta materia, sempre que non constitúa falta grave.
6. Prescindir do conducto regulamentario para formular calquera solicitude, reclamación ou queixa nas relacións de servizo, sen perxuízo das facultades derivadas do exercicio de funcións sindicais.
7. O descuido no aseo persoal e o incumprimento das normas de uniformidade, sempre que non constitúa falta de maior gravidade.
8. A omisión intencionada do saúdo regulamentario, cando non constitúa falta de máis gravidade.
9. Calquera clase de xogo que se leve a cabo nas dependencias policiais, sempre que perxudique á prestación do servizo ou menoscabe a imaxe policial.
10. As accións ou omisións tipificadas como faltas graves e que, dacordo cos criterios que se establecen no artigo 70 merezan a calificación de falta leve.

Capítulo III

Persoas Responsables

Artigo 66.

Os Funcionarios do Corpo de Policía Municipal poderán incorrer en responsabilidade disciplinaria polas faltas anteriormente tipificadas, dende o momento da toma de posesión ata o da xubilación ou a perda da condición de funcionarios.

Artigo 67.

De acordo co disposto no Artigo 27.5 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos da Seguridade, incorrerán na mesma responsabilidade que os autores dunha falta, os que induzan á súa comisión e os Xefes que a toleran.

Asemade incorrerán na falta de inferior grao os que encubriran a comisión dunha falta.

Artigo 68.

1. Os funcionarios que se atopen en situación distinta da do servizo activo, salvo os que se atopen en excedencia voluntaria por interese particular, incorrerán en responsabilidade polas faltas previstas neste Regulamento que poidan cometer dentro das súas peculiares situacións administrativas, sempre que os feitos en que consistan non foran obxecto de sanción por aplicación doutro réxime disciplinario.
2. De non ser posible o cumprimento da sanción no momento en que se dicte a resolución, por se atopa-lo funcionario en situación administrativa que o impida, esta farase efectiva cando o seu cambio de situación o permita, salvo que transcorra o prazo de prescripción.

Capítulo IV Sancións Disciplinarias

Artigo 69.

De acordo co disposto no Artigo 28.1 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, por razóns das faltas ás que se refire este Regulamento, poderán impoñerse ós Funcionarios do Corpo da Policía Local de Santiago de Compostela as seguintes sancións:

Por faltas moi graves:

- a.Separación do servicio.
- b.Suspensión de funcións de tres a seis anos.

Por faltas graves:

- a.Suspensión de funcións por menos de tres anos.
- b.Inmovilización no escalafón por un período non superior a cinco anos.
- c.Perda de cinco a vinte días de remuneración e suspensión de funcións por igual período.

Por faltas leves:

- a.Perda de un a catro días de remuneración e suspensión de funcións por igual período, que non suporá a perda de antigüidade nin implicará a inmovilización no escalafón.
- b.Apercibimento.

Artigo 70.

A Administración determinará a sanción adecuada así como a súa graduación entre as que se establecen no artigo anterior para cada tipo de faltas, as cales se sancionarán con arreglo ós seguintes criterios:

- a.Intencionalidade.
- b.A perturbación que poidan producir no normal funcionamento da Administración e dos servicios policiais.
- c.Os danos e prexuízos ou falta de consideración que poidan implicar para os cidadáns e os subordinados.
- d.O quebrantamento que poida supoñer dos principios de disciplina e xerarquía propios do Corpo da Policía Local.
- e.Reincidencia.
- f.En xeral, a súa trascendencia para a Seguridade Cidadá.

Capítulo V

Extinción da Responsabilidade Disciplinaria

Artigo 71.

1.A responsabilidade disciplinaria se extingue co cumprimento da sanción, morte da persoa responsable, prescripción da falta ou da sanción, indulto e amnistía.

2.Se durante a substanciación do procedemento sancionador se produxera a perda da condición de Funcionario do inculpado, dictarase resolución na que, con invocación da causa, se declarará extinguido dito procedemento, sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal que lle poida ser esixida, e ordenarase o arquivo das actuacións, salvo que por parte interesada se inste á continuación do expediente ou se instrúa por falta moi grave, neste caso continuará ata a súa resolución. O mesmo

tempo deixaranse sen efecto cantas medidas de carácter provisional se adoptaran con respecto ó Funcionario inculpado.

Artigo 72.

1.De conformidade co establecido no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, as faltas moi graves prescribirán ós seis anos, as graves ós dous anos e as leves ó mes.

2.O prazo de prescripción comezará a se contar dende o día en que foi cometida a falta.

3.A prescripción interromperase pola iniciación do procedemento, a tal efecto a resolución pola que se acorde a súa incoación debe ser debidamente rexistrada e comunicada ó inculpado ou publicada sempre que éste non se atopara, volvendo a corre-lo prazo se o procedemento permanecera paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable ó interesado.

Artigo 73.

1.De acordo co disposto no artigo 28.1 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós seis anos; as impostas por faltas graves, ós dous anos, e as impostas por faltas leves, ó mes. O prazo de prescripción comezará a se contar dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción ou dende que se quebrantase o seu cumprimento, se comezara.

2.A amplitude a efecto dos indultos das sancións disciplinarias determinarase con arreglo ás disposicións que os concedan.

Capítulo VI

Tramitación e Disposicións Comúns

Artigo 74.

1.Non poderán impoñerse sancións disciplinarias ós Funcionarios do Corpo da Policía Local por faltas moi graves ou graves senón en virtude de expediente instruído ó efecto, con arreglo ó disposto neste Capítulo e no procedemento regulado no Capítulo VIII do presente Título, a súa tramitación rexerese polos principios sinalados no artigo 59 deste Regulamento.

2.No procedemento para a imposición de sancións por faltas leves non será preceptiva a previa instrucción do expediente, ó que se refire o apartado anterior, rexéndose o procedemento polos principios sinalados no artigo 59, polas normas que resulten de aplicación, previstas neste Capítulo e polo establecido no Capítulo VII do presente Título.

Artigo 75.

1.De conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, a iniciación dun procedemento penal contra Funcionarios do Corpo da Policía Local non impedirá a incoación de procedementos disciplinarios polos mesmos feitos. Non obstante, a resolución definitiva do expediente só poderá producirse cando a sentenza recaída no ámbito sexa firme, vinculando á Administración a declaración de feitos probados.

2. Nos supostos do parágrafo anterior, as medidas cautelares que poidan adoptarse poderán prolongarse ata que recaiga resolución definitiva no procedemento xudicial, salvo en canto á suspensión de soldo en que se estará ó disposto na Lexislación Xeral de Funcionarios.

Artigo 76.

1. En tódolos expedientes disciplinarios instruídos por faltas graves ou moi graves ós membros do Corpo da Policía Local, así como en tódolos expedientes que se instrúan a Policías que ostenten a condición de Delegado Sindical, Delegado de Persoal ou cargo sindical a nivel provincial, autonómico ou estatal, das organizacións sindicais con máis do 10% de representatividade, haberase de notificar esta incoación á Sección Sindical, Xunta de Persoal ou Central Sindical, segundo proceda, a fin de que poidan ser escoitadas na tramitación do procedemento sancionador.

2. Dita notificación deberá facerse, igualmente cando a incoación do expediente se practique dentro do ano seguinte á perda de condición de representante sindical.

Tamén deberá facerse se o inculpado é candidato durante o período electoral.

3. Aos efectos previstos no parágrafo primeiro deste artigo as organizacións sindicais ás que se refire, deberán comunicar no mes de xaneiro de cada ano, de forma fehaciente, á Alcaldía-Presidencia a relación dos seus Representantes, así como as variacións posteriores, no prazo de quince días a contar dende a data en que se produzan, con indicación do cargo sindical que ostenten.

Artigo 77.

1. O procedemento para a sanción de faltas disciplinarias se impulsará de oficio en tódolos seus trámites. A incoación de expediente disciplinario poderá acordarse de oficio ou a instancia de parte.

2. Antes de dicta-la providencia de incoación do procedemento, o Organo competente poderá acordar a práctica dunha información reservada para o esclarecemento dos feitos.

3. De se inicia-lo procedemento como consecuencia de denuncia, deberá comunicarse dito acordo ó firmante da mesma.

4. Aos efectos do disposto neste artigo non será tomada en consideración a denuncia de carácter anónimo.

Artigo 78.

1. Na resolución pola que se incoe o procedemento nomearanse Instructor e Secretario correndo ó seu cargo a súa tramitación.

2. O Instructor será nomeado polo Alcalde. O nomeamento de Instructor recaerá en Funcionario Público. Se o nomeamento recae en Funcionario do Corpo da Policía Local, éste deberá ter, en todo caso, igual ou superior categoría ó do Funcionario sometido a expediente.

3. Poderá ser nomeado Secretario calquera Funcionario do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 79.

1. Serán de aplicación ó Instructor e ó Secretario as normas sobre abstención e recusación establecidas nos artigos 20 e 21 da Lei de Procedemento Administrativo.

2. O dereito de recusación poderá exercitarse dende o momento en que o interesado teña coñecemento de quen son o Instructor e o Secretario.

3. A abstención e a recusación plantexaranse ante o Organo que acordou o nomeamento.

Artigo 80.

A intervención do Instructor en todas e cada unha das probas practicadas é esencial e non pode ser suplida pola do Secretario, considerándose nulas aquelas en caso contrario.

Artigo 81.

1. Os feitos relevantes para a decisión do procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

2. O Instructor poderá denegar de oficio a práctica das probas que non se concreten ós feitos polos que se procede e tódalas demais que sexan, ó seu xuício, impertinentes ou inútiles, motivando a denegación e sen que contra a mesma quepa recurso ningún.

3. Tódolos Organismos e dependencias da Administración Municipal están obrigados a facilitar ó Instructor os antecedentes e informes necesarios para o desenvolvemento das súas actuacións, salvo precepto legal que o impida.

Artigo 82.

O Instructor virá obrigado a dar vista ó inculpado, a petición deste, das actuacións practicadas en calquera fase do procedemento, facilitándolle copia completa cando así o interese.

Artigo 83.

En calquera momento do procedemento no que o Instructor aprecie que a presunta infracción disciplinaria poida ser calificada como infracción administrativa doutra natureza ou como infracción penal, poñerá en coñecemento do Organo que ordenara a incoación para a súa comunicación á Autoridade Administrativa ou Xudicial competente ou ó Ministerio Fiscal.

Artigo 84.

Se en calquera fase do procedemento, o Instructor deduce a inexistencia de responsabilidade disciplinaria ou de probas adecuadas para fundamenta-la, propoñerá resolución pola que se ordene o arquivo das actuacións, expresando as causas que a motivan, debendo notificárselle ó denunciante, se o houbese, e ó denunciado e dispoñéndose, no seu caso, o pertinente en relación ós primeiros.

Capítulo VII

Procedemento para as Faltas Leves

Artigo 85.

Para a imposición de sancións por faltas leves non será preceptiva a previa instrucción do expediente, salvo o trámite de audiencia ó inculpado que deberá evacuarse en todo caso.

A autoridade chamada a sancionar neste caso, evacuará e dilixenciará as actuacións precisas que dean lugar á imposición da sanción regulamentaria.

Artigo 86.

1. Na resolución deberá determinarse, con toda precisión, a falta que se estime cometida, sinalando o precepto en que apareza tipificada, ó Funcionario responsable e a sanción que se lle impón.

2. A resolución será notificada ó inculpado con expresión do recurso ou recursos que quepan contra a mesma, o Organo perante do que se teñen que presentar e os prazos para interpoñelo.

3. Asemade, remitirá copia da resolución a oficina de persoal para constancia no expediente do inculpado.

4. A cancelación das anotacións por falta leve realizaranse a petición do interesado ós seis meses da data do seu cumprimento.

Capítulo VIII

PROCEDEMENTO PARA AS FALTAS MOI GRAVES E GRAVES

Sección Primeira

Iniciación

Artigo 87.

1. O Alcalde ó recibir comunicación ou denuncia, ou ter coñecemento dunha suposta infracción constitutiva de falta moi grave ou grave, poderá acorda-la práctica da información reservada prevista no artigo 77.

2. Nos supostos en que resulte responsabilidade constitutiva de falta leve deberán cumprirse os trámites establecidos no procedemento para as faltas desta natureza.

Artigo 88.

A incoación do procedemento co nomeamento do Instructor e Secretario notificarase ó Funcionario suxeito a expediente, así como ós designados para ostentar ditos cargos.

Artigo 89.

1. Iniciado o procedemento, a autoridade competente poderá adopta-las medidas provisionais que estime oportunas para facilita-la marcha do expediente e conseguí-la eficacia da resolución que poidera recaer se existiran elementos de xuízo suficientes para elo.

2. Nunca se adoptarán medidas provisionais que poidan causar prexuízos irreparables ós interesados ou que impliquen violación de dereitos amparados nas Leis.

Artigo 90.

1. A suspensión provisional poderá acordarse preventivamente, de forma motivada, polo Alcalde, durante a tramitación do procedemento xudicial ou disciplinario que se instrúa ós Funcionarios no termos e cos efectos sinalados a continuación.

2. O Funcionario na situación de suspensión provisional quedará privado temporalmente do exercicio das súas funcións e dos dereitos inherentes a súa condición de Funcionario con arreglo á Lei, sen prexuízo do disposto nos apartados seguintes, procedéndose a lle recolle-los distintivos do cargo e a arma ou armas, no seu caso. Non obstante, a autoridade competente poderá autorizar o uso das armas regulamentarias cando circunstancias excepcionais así o aconsellen.

3. O tempo de suspensión provisional como consecuencia de expediente disciplinario non poderá

exceder de seis meses, salvo en caso de paralización do procedemento imputable ó interesado.

4. Non obstante, o tempo de suspensión provisional en expediente disciplinario tramitado simultaneamente con procedemento penal polos mesmos feitos, poderá prolongarse ata que recaiga resolución definitiva no ámbito penal, excepto en canto á suspensión de soldo, no que se estará ó disposto na Lexislación Xeral de Funcionarios.

5. O suspenso provisional terá dereito a percibi-las retribucións que correspondan segundo estableza a Lexislación aplicable.

Sección Segunda

Desenvolvemento

Artigo 91.

Con estricte suxeición ós principios de sumariade e celeridade e con respecto ós prazos establecidos neste Regulamento, o procedemento impulsarase de oficio e darase cumprimento a cantas dilixencias e trámites sexan procedentes.

Artigo 92.

O Instructor ordenará no prazo máximo de quince días a práctica de cantas dilixencias sexan adecuadas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución e, en particular, a práctica de cantas probas e actuacións condúzan ó esclarecemento dos feitos e a determina-las responsabilidades susceptibles de sanción.

Artigo 93.

1. En todo caso e como primeiras actuacións procederase a recibir declaración ó inculpado e a evacuar cantas dilixencias se deduzan da comunicación ou denuncia que orixinou o expediente e do que aquel manifestara na súa declaración.

2. Se o expedientado non fora habido, emplazaráselle por medio de edictos que se publicarán no "Boletín Oficial do Estado" e no "Boletín Oficial da Provincia", sinalándose prazo para comparecer. De non verificalo, continuarán as actuacións do procedemento.

3. O Instructor deberá propoñer no momento da elaboración do prego de cargos, á vista do resultado das actuacións practicadas o mantemento ou levantamento da medida de suspensión provisional que, no seu caso, se adoptara.

Artigo 94.

1. A vista das actuacións practicadas, o instructor formulará o correspondente prego de cargos, se houbese lugar, comprendendo en dito prego todos e cada un dos feitos imputados con expresión, no seu caso, da falta presuntamente cometida e indicación das sancións que poidan ser de aplicación, de acordo co artigo 69 do presente Regulamento.

2. O prego de cargos redactarase de forma clara e precisa, en parágrafos separados e numerados para cada un dos feitos imputados, concedéndose ó expedientado un prazo de dez días para que poida contestalo, alegando canto considere oportuno á súa defensa e propoñendo a práctica de cantas probas estime necesarias.

Artigo 95.

1. Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo sen facelo, o instructor, de oficio ou a instancia de parte, poderá acorda-la apertura dun período de dez días co fin de que poidan practicarse cantas probas xulgue oportunas.

2. Para a práctica das probas propostas, así como para as acordadas de oficio polo instructor, notificarase previamente ó Funcionario expedientado, indicándolle lugar, data e hora en que deberán realizarse.

Artigo 96.

Cumprimentadas as dilixencias previstas no presente Capítulo, darase vista do expediente ó inculpado con carácter inmediato para que, no prazo de dez días alegue o que estime pertinente á súa defensa e aporte cantos documentos considere de interés.

Artigo 97.

O Instructor formulará, dentro dos catro días seguintes á finalización do prazo previsto no artigo anterior, proposta de resolución na que se fixarán con precisión os feitos, farase a valoración xurídica dos mesmos para determinar se se estima cometida a falta e, no seu caso, cal sexa ésta e a responsabilidade do inculpado, sinalando a sanción a impoñer.

Artigo 98.

A proposta de resolución do expediente notificarase polo Instructor ó interesado, para que, no prazo de dez días, poida alegar canto considere convinte a súa defensa, incluso respecto á denegación de probas ás que se refire o Capítulo VI deste título.

Artigo 99.

Oído o interesado e efectuada a audiencia sindical, cando proceda, ou transcorrido o prazo sen alegación ningunha, se remitirá, con carácter inmediato, o expediente convenientemente foliado e numerado á Alcaldía Presidencia.

Sección Terceira**Terminación****Artigo 100.**

Recibido o expediente, a autoridade competente procederá, previo exame do actuado trala práctica das dilixencias complementarias que considere oportunas, e no seu caso, dictame do servizo xurídico, a dicta-la resolución motivada que corresponda se estivera dentro das súas atribucións e, no caso contrario, o remitirá ó Organo competente.

Artigo 101.

A Autoridade competente para impoñe-la sanción poderá devolve-lo expediente ó instructor para a práctica daquelas dilixencias que, sendo omitidas, resulten imprescindibles para a decisión.

En todo caso, despois de practicadas estas dilixencias e antes de remitir de novo o expediente a dita Autoridade, darase vista do actuado últimamente ó Funcionario inculpado, a fin de que, no prazo de dez días alegue canto estime convinte na súa defensa.

Artigo 102.

1. A resolución que poña fin ó coñecemento disciplinario deberá ser motivada e nela non se

poderán introducir feitos distintos dos que serviron de base ó prego de cargos, determinando con toda precisión a falta que se estime cometida, sinalando os preceptos, en que aparece recollida a clase de falta, ó Funcionario responsable e a sanción que se lle impón, facendo expresa declaración en orde ás medidas provisionais adoptadas durante a tramitación do procedemento.

2. A resolución do expediente, que pon fin á vía administrativa, será notificada en forma ó expedientado, dentro dos dez días seguintes á data na que fora adoptada, con indicación do recurso ou recursos que contra a mesma procedan, así como o Organo perante o que deberán presentarse e os prazos para interpoñelos.

3. Se non se aprecia responsabilidade disciplinaria, a resolución haberá de conte-las declaracións pertinentes en orde ás medidas provisionais adoptadas, no seu caso.

Artigo 103.

O procedemento disciplinario terminará por resolución expresa ou por arquivo como consecuencia da perda da condición de Funcionario, pero haberá de continuar ata a resolución en todo caso, se houbese terceiros afectados polos feitos obxecto do procedemento ou se instruíse por falta moi grave.

Capítulo IX**Competencia Sancionadora****Artigo 104.**

De conformidade co establecido na Lei 7/1985, das Bases do Réxime Local, son Organos competentes para a imposición de sancións disciplinarias:

- O Pleno da Corporación para impoñe-la sanción de separación do servizo.
- O Alcalde para a imposición do resto das sancións.

Artigo 105.

A sanción a Funcionarios que ostenten cargos sindicais rexerese polas normas específicas reguladoras da representación sindical.

Capítulo X**Execución****Artigo 106.**

As sancións disciplinarias executaranse segundo os termos da resolución en que se impoñan e a natureza das mesmas, no prazo máximo de un mes salvo que por causas xustificadas se estableza un prazo distinto na mencionada resolución.

Artigo 107.

As sancións disciplinarias impostas ós Funcionarios integrados no Corpo da Policía Local serán inmediatamente executivas; non suspendendo o seu cumprimento a interposición de ningún tipo de recurso, administrativo ou xudicial, se ben a autoridade a quen compete resolvelo poderá suspender, de oficio ou a instancia de parte, a execución da sanción imposta, no caso de que esta execución puidera causar prexuízo de imposible ou difícil reparación.

Artigo 108.

1. De conformidade co establecido no artigo 28.2 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, as sancións disciplinarias anotaranse nos respectivos expedientes personais con indicación das faltas que as motivaron.

2. De acordo co precepto orgánico citado no parágrafo anterior deste artigo, transcorridos dous ou seis anos dende o cumprimento da sanción, segundo se trate de faltas graves ou moi graves non sancionadas con separación de servizo, poderá acordarse a cancelación de aquelas anotacións a instancia do interesado que acredite boa conduta no servizo dende que se lle impuxo a sanción. A cancelación de anotacións por faltas leves realizarase a petición do interesado ós seis meses da data do seu cumprimento. A cancelación producirá o efecto de anula-la anotación sen que poida certificarse dela, salvo cando o soliciten as autoridades competentes e ós exclusivos efectos do seu expediente persoal.

Disposicións Transitorias

Primeira.-En tanto non se produza a aprobación do Estatuto da Policía Municipal, ou norma que o substitúa, e da previsible modificación das Escalas e Empregos existentes e polo tanto as condicións dos mesmos establécense os seguintes requisitos:

1. Para o acceso ó emprego de cabo, serán requisitos imprescindibles:

a. Ser Garda da Policía Local, con unha antigüidade de, alomenos, dous anos.

b. Estar en posesión do Título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente.

c. Supera-las probas dun Concurso ou Concurso-Oposición que incluíra necesariamente un recoñecemento médico, probas de capacitación física e avaliación dos coñecementos xerais e específicos de materiais relacionados co exercicio profesional.

1. Para o acceso ó emprego de sarxento, requirirase:

a. Ser cabo da Policía Local, con unha antigüidade de, alomenos, dous anos no emprego.

b. Estar en posesión do título de Bacharelato Superior, Formación Profesional de Segundo Grao ou equivalente.

c. Supera-las probas dun Concurso-Oposición.

1. Para o acceso ó emprego de Suboficial, requirirase:

a. Ser sarxento da Policía Local, con unha antigüidade no emprego de, alomenos, dous anos.

b. Estar en posesión do título de Bacharelato Superior, Formación Profesional de Segundo Grao ou equivalente.

c. Superar un Concurso ou Concurso-Oposición.

1. Para o acceso ó emprego de Oficial, requirirase:

a. Licenciatura universitaria ou equivalente.

b. Superar un Concurso ou Concurso-Oposición.

Para a promoción interna dos Funcionarios que prestan os seus servizos no Corpo de Policía Municipal, poderase facer dispensa da titulación esixida con carácter xeral, cando os aspirantes acrediten a superación de cursos realizados en Escolas Públicas e Oficiais, sempre que previamente á celebración dos mencionados cursos se especifique a súa valía ós efectos da convalidación pertinente.

Segunda.-Os expedientes disciplinarios que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor deste Regulamento seguirán regulados polas disposicións anteriores, salvo que as deste sexan máis favorables ó expedientado.

Disposición Adicional

Primeira.-A proporcionalidade de categorías, con carácter aproximado e indicativo, dentro da Escala Básica do Corpo da Policía Municipal de Santiago, será a seguinte:

-Cada sete Policías, un Cabo.

-Cada tres Cabos, un Sarxento.

-Cada tres Sarxentos, un Suboficial.

Disposición Derogatoria

A entrada en vigor do presente regulamento quedará derogado o vixente de 1947 e todas cantas normas, acordos ou disposicións de igual ou inferior rango opóñanse ó establecido no mesmo.

Disposición Final

En todo o non regulado polo presente Regulamento estarase ó disposto na Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, Lei 30/1984, da Función Pública, Lei 2/1986, de Corpos e Forzas de Seguridade e demais disposicións que sexan de aplicación.